


E ENTÓN, UN XARDÍN

UNHA UNIDADE DIDÁCTICA
de 3-5 e de 6-10 anos

#POR MARÍA PEINADO

#PARA O ESPECTÁCULO DE PAPORRUBIO

#DISTRIBUÍDO POR URDIME  urdime




CONCEBIDA PARA TRABALLAR DE FORMA PREVIA OU POSTERIOR A ASISTENCIA AO ESPECTÁCULO

CONTIDOS

Con que nos imos atopar?

BLOQUE 1 [PÁXINA 1-4]

IMOS AO TEATRO



BLOQUE 2 [PÁXINA 5-8]

CÓNTANOS UNHA HISTORIA




BLOQUE 3: [PÁXINA 9]

A MÚSICA TAMÉN CONTA



BLOQUE 4 [PÁXINA 10-11]

OS ECOSISTEMAS



BLOQUE 5 [PÁXINA 12-14]

QUE É A EXTINCIÓN?



BLOQUE 6 [PÁXINA 15]

NÓS QUE PODEMOS FACER?



Comezamos?




Ola! Son o **PEREZOSO**, un dos protagonistas do espectáculo. Como o meu nome indica, nunca teño presa. Gústame facer as cousas ao xeitiño, pero iso si, ben feitas!


IMOS ALÁ!

#Cando eu apareza, as miñas propostas de actividades estarán enfocadas ás nenas e nenos de 3 a 5 anos.

#Cando eu apareza, as miñas propostas de actividades estarán enfocadas a rapazas e rapaces entre 6 e 10 anos.

Moi boas! Son o **RINOCERONTE** e teño un papel moi importante na obra. A pesar do meu tamaño son capaz de galopar a gran velocidade. E de pensar, claro! Preparados?
PORQUE EU SI!





BLOQUE 1

IMOS AO TEATRO

Estivestes algunha vez nun teatro?
É un lugar de todas e todos no que acontecen cousas extraordinarias. Pero...

Que significa a palabra teatro?

TEATRO É unha palabra polisémica, ten varios significados.

#1- O EDIFICIO DESTINADO Á REPRESENTACIÓN DE OBRAS DRAMÁTICAS.



Seguro que hai un teatro, ou sala de representación, onde vivides. Como se chama? Podedes debuxalo entre todos imaxinando que fostes as arquitectas e arquitectos do edificio.

Hai un teatro, ou sala de representación, na vosa vila ou cidade? Hai máis dun? Elixide un e por grupos intentade rediseñar o edificio. Que cousas lle cambiaríades? O tamaño? A fachada? A cor?



#2- A ARTE DE REPRESENTAR EN PÚBLICO OBRAS DRAMÁTICAS, XERALMENTE REPESENTADAS POR ACTRICES E ACTORES QUE ACTÚAN NO ESCENARIO.



Toca pasar á parte interior do edificio. Os actores e actrices da compañía de teatro xa están en escena desplegando a súa arte! Pero non lembran que obra están a representar. Podedes axudarlles? Claro que si! Porque todas as historias se poden representar en escena. Vós cal elixiríades?



Que é unha compañía de teatro?

Acabades de axudar a unha compañía de teatro pero... e iso que é? Unha compañía de teatro é un grupo de persoas que se dedica ao teatro de forma profesional. Dentro da compañía hai moitos traballos distintos que realizar.



Sabedes que oficios existen dentro dunha compañía de teatro ou dunha montaxe teatral? Intentade numeralos.

¡¡OLLO RESPONSTAS!

ACTRICES e ACTORES, DIRECTOR/A, DRAMATURGO/A, ESNENÓGRAFO/A, DESEÑADOR/A DE ILUMINACIÓN, DESEÑADOR/A DE VESTIARIO, DESEÑADOR/A DO ESPAZO SONORO, DIRECTOR/A DE MOVEMENTO, DIRECTOR/A MUSICAL, TÉCNICO/TÉCNICA DE LUCES E SON. E ESTES SON SÓ ALGÚNS!

Esta compañía chámase PAPORRUBIO, un nome moi acaído tendo en conta que os protagonistas do espectáculo son os animais.



Sabedes que animal é un Paporrubio? É un animal pequeno ou grande? Que cores ten? Onde vive?

No espectáculo actúan o actor Luchi Iglesias e o músico Carlos Quintá e está dirixido por María Peinado. Iso si, non ides ver a ningún deles no escenario. E por que? Pois porque **E ENTÓN, UN XARDÍN** é unha obra de **TEATRO DE MARIONETAS**.


Que é o Teatro de Marionetas?

O teatro de marionetas é unha tradición antiquísima que se remonta á Antiga Grecia e que se asentou na Idade Media. Nas representacións deste tipo de teatro adoita haber un teatrillo no escenario e por suposto, marionetas. Neste espectáculo, ambas cousas construíunas un membro da compañía. O teatrillo é unha especie de caixa que oculta aos manipuladores, aínda que ás veces, estes poden estar á vista. Os manipuladores son os que lle dan voz e movemento ás marionetas.

Hai diferentes tipos de marionetas según o que se necesita para manipulalas. As principais son: **marionetas de luva**, **marionetas de varilla**, **marionetas de fío**, **marionetas de sombra** e **bocóns**.



A ver se acertades que tipo de marionetas son as das seguintes imaxes. Hai unha de cada!



OLLO RESPOTAS!

1- BOCÓN, 2- MARIONETA DE LUVA, 3- MARIONETAS DE SOMBRAS, 4- MARIONETA DE VARILLA, 5- MARIONETA DE FÍOS



No espectáculo empréganse catro tipos de marionetas. Identificades cales?



A compañía e as súas marionetas invítanvos a somerxervos no universo do espectáculo. A que estades esperando?!

**Pero un momento... se imos ao teatro,
como temos que comportarnos?**

A resposta a esta pregunta seguro que xa a sabedes. Unha pista! O máis importante é ver e escoitar en silencio para que as actrices e actores poidan concentrarse e facer o seu traballo. Seguro que seredes o mellor dos públicos. E agora unha idea...



Facede unha lista de bos e malos comportamentos no teatro. Despois saíde algúns voluntarios e representádeos para o resto.




BLOQUE 2: CÓNTANOS UNHA HISTORIA



Onde acontece a historia?

Como dicíamos antes, calquera historia pode levarse a escena. A persoa que escribe unha obra de teatro chámase **DRAMATURGA**. A dramaturga de **E ENTÓN, UN XARDÍN** gústalle chamarlle a esta historia: **“UNHA HISTORIA ANIMAL, ANIMADA, ANIMALÍSTICA DE COR VERDE”**. Por que? Xa o iredes descubrindo. Pero de entrada, todo acontece nun xardín. Un xardín que non é un xardín calquera! Senón un xardín no que viven seres de todas partes e que en todas partes está. Un lugar no que a cor verde é a protagonista e no que todo é estrafalario e diferente. Pero niso está a o seu encanto!

Estas son algunhas das imaxes coas que a diseñadora da escenografía diseña o xardín. Fíxoo a través da técnica do **collage**, que consiste en recortar e despois pegar distintas imaxes para crear unha composición.



E vós? Se puidédeses imaxinar un xardín, como sería? Que plantas habería? E que animais vivirían nel?

Atrevédesvos a crear o voso propio xardín con algunhas destas imaxes que empregou? Tamén podedes crear as vosas propias.



Que personaxes saen na historia?

En moitas historias, incluídas as que se representan nun teatro, adoita haber **protagonistas** e **antagonistas**. Non se trata exactamente de bos e malos... Pero o protagonista normalmente quere conseguir unha cousa e os antagonistas queren impedirlo.

Nesta historia os **PROTAGONISTAS** son os **seres vivos** que viven no xardín; animais e vexetais, vertebrados e invertebrados, microscópicos e xigantescos. Nove seres moi diferentes entre si.



Saberíades nombrar dous seres vivos de cada unha das categorías de arriba? E completar toda a información dos de abaixo?



Saberíades dicir cales son os seres das fotografías?
Algunha vez vistes algún deles?
Cal é o voso favorito?



QUEN SON?
ONDE VIVO?
ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?
ONDE VIVO?
ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?
ONDE VIVO?
ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?

ONDE VIVO?

ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?

ONDE VIVO?

ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?

ONDE VIVO?

ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?

ONDE VIVO?

ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?

ONDE VIVO?

ALGUNHA CURIOSIDADE?



QUEN SON?

ONDE VIVO?

ALGUNHA CURIOSIDADE?

#OLLO RESPOSTAS!

MANDRIL / NAS SELVAS TROPICAIS / SON O MONO MÁIS GRANDE DO MUNDO - **OURIZO** / NOS BOSQUES / SON MOI SOLITARIO - **PEREZOSO** / NAS SELVAS TROPICAIS / SON O MAMÍFERO MÁIS LENTO DO MUNDO - **RINOCERONTE** / NA SABANA / SON MOI AMIGO DOS PAXAROS - **MUSGO** / EN TODAS AS ÁREAS FRÍAS E HÚMIDAS DO MUNDO / HAI UN TIPO DE MUSGO QUE PODE VIVIR 5500 ANOS - **FLAMENGO** / NAS AUGAS SUPERFICIAIS DE ZONAS CÁLIDAS / SON MOI SOCIABLE - **AVELAÑA COLIBRÍ** / NOS PRADOS E BOSQUES DE ZONAS TEMPLADAS / PODO VOAR CARA ATRÁS, MANTERME SUSPENDIDA E VOAR A 70KM POR HORA - **PICABOI** / A SABANA / SON O MELLOR AMIGO DOS RINOCERONTES, AXÚDOLLES COS PARÁSITOS E AVÍSOOS SE HAI PERIGO - **EIRUGA** / AS FOLLAS E AS FLORES / PODO MULTIPLICAR O MEU TAMAÑO POR 10.000



Os **ANTAGONISTAS** da historia son os **seres humanos**. Como o teatro é o lugar da imaxinación, nesta historia os seres humanos non aparecen como persoas, senón como obxectos: un zapato, un tarro de caramelos, un parasol ou unha osiña de peluche, por exemplo. A osiña de peluche xoga un papel moi importante na historia e representa a unha nena.



E ti? Se puideses elixir ser o obxecto que quixeses, cal serías e por que? E que obxecto serían os membros da túa familia?



e cando pasa todo?

As historias do teatro poden ocorrer no pasado, no presente ou no futuro. Ou incluso, mesturar as tres cousas! Esta historia está baseada no presente e na relación que temos hoxe en día coa natureza.

Que acontece na historia?

E ENTÓN, UN XARDÍN é, nada máis é nada menos, que a historia dun xardín. Un xardín esquecido, descoidado e maltratado ao que un día chega unha nena. A ilusión da nena por unha simple flor fai que esperte todo o xardín e que os animais e vexetais que viven nel queiran festexalo.

Vaise celebrar unha gran festa no xardín! Un desfile do máis particular. E as nenas e nenos do público son os invitados de honra! Pero... coa nena chegan outros humanos ao xardín, sen empatía, sen corazón. Trátano con desprezo, búrllanse dos animais e ata os maltratan a tiróns e pisotóns.

Non hai quen os faga marchar de alí.

Os animais argallan un plan. Asustaranos coa axuda da eiruga que desde a chegada da nena multiplicou por miles o seu tamaño ata converterse nun ser xigantesco.

Recuperarán o xardín? Conseguirán celebrar o desfile? Ou impediranllo os humanos?



BLOQUE 3:

A MÚSICA TAMÉN CONTA

No espectáculo hai música en directo. A **MÚSICA** é un personaxe máis e ten a aparencia do deus grego da música, **APOLO**. O músico que o interpreta toca o acordeón na peza. O **acordeón** é un instrumento musical de vento formado por un fol, que se estende e se contrae, e dúas caixas, unha a cada extremo do fol, cunha serie de teclas correspondentes aos sons que emite.



Quen credes que é o do retrato? Podedes sinalar na imaxe as partes do acordeón?


Ademais da música en directo, hai máis músicas no espectáculo. Soan temas musicais de dous artistas moi diferentes. Dous revolucionarios da música de dúas épocas distintas. Aí abaixo tedes os seus retratos. Todas as músicas axudan a crear distintos ambientes e a contar a historia.



Que información corresponde a quen? Escoitade os dous temas musicais a través dos links. Que ambientes crean? Probade a movervos polo espazo con cada tema.



- 1- Son Elvis Presley e nacín en Misisipi en 1935
- 2- Toco música clásica
- 3- Toco rock n'roll
- 4- Un dos meus temas chámase "Your Teddy Bear"
- 5- Son Wolfgang Amadeus Mozart e nacín en Austria en 1756
- 6- Un dos meus temas chámase "Concerto para Piano nº21"
- 7- O cantante Frank Sinatra foi o sastre dos meus traxes
- 8- Compuxen a miña primeira peza musical aos 6 anos
- 9- O compositor Ludwig van Beethoven foi o meu alumno
- 10- Grabei a miña primeira canción aos 19 anos



OLLO RESPOTAS!

1- ELVIS. 2-MOZART. 3-ELVIS. 4-ELVIS. 5-MOZART 6-MOZART. 7-ELVIS. 8-MOZART. 9-MOZART 10-ELVIS

BLOQUE 4:

OS ECOSISTEMAS




Que sabes dos ecosistemas?

■ **ECOSISTEMA:** Conxunto de organismos animais e vexetais que constitúen unha comunidade integrada e o medio natural no que viven.

É dicir, a fauna, a flora e outros organismos como a auga, a terra ou o aire, que viven nun mesmo lugar e forman, xunto co sitio onde viven, un ecosistema. Os seres humanos tamén formamos parte dun. Hai dous grande grupos de ecosistemas: **ecosistemas acuáticos**, o seu medio é a auga, e **terrestres**, o seu medio é a terra.



A cal dos dous grandes grupos pertencen os ecosistemas destas imaxes ?



Dividide a clase en dous grupos. Un dos grupos pode imaxinar un ecosistema acuático e outro un terrestre. Probade a crealos con plastilina e outros materiais.

Hai distintos tipos de ecosistemas. Toda a flora e a fauna que habita o planeta Terra pertence a algún. Estes son os principais ecosistemas terrestres: o **deserto**, a **sabana**, o **bosque**, a **selva**, a **pradeira**, a **taiga** e a **tundra**.



Cantos seres animais e vexetais se vos ocorren que pertencan a cada un destes ecosistemas?



Cal é o ecosistema do espectáculo?

En **E ENTÓN, UN XARDÍN**, os protagonistas da peza comparten un ecosistema terrestre inventado. O xardín que protexen representa a moitos dos ecosistemas terrestres do mundo, é dicir, ao medio ambiente, que é o conxunto de todos eles. Nel conviven fauna e flora de lugares moi diversos case de forma máxica.



Que tal se probades a crear un ecosistema propio xuntando estas imaxes? Este é un exemplo con animais e vexetación de ecosistemas variados. Podedes empregar estas ou buscar moitas máis! Pedide axuda para recortar e pegar se a precisades!





BLOQUE 5: QUE É A EXTINCIÓN?

O máis importante que debemos lembrar dos ecosistemas é que son un verdadeiro tesouro do noso planeta. Algúns como as selvas tropicais son o pulmón da Terra. Contribúen a manter san o aire que respiramos e a frear o cambio climático. Son o fogar de miles de especies e tamén da nosa.

Todos formamos parte do **GRAN ECOSISTEMA TERRESTRE** e por tanto, é labor de todos convivir con todos os seres que forman o medio ambiente. Debemos evitar que moitos deles queden sen o seu fogar por culpa de accións humanas desconsideradas e irresponsables. É importante para manter o equilibrio do planeta.

Lembrades á osiña do espectáculo? Ela mostra interés no xardín e quere convivir con el. Pero os outros humanos semellan dispostos a destruílo e mesmo á fauna e á flora que vive nel.



Cales credes que poden ser as razóns polas que a xente perde o interese no medio ambiente? E a vós? Interésavos? Facede xuntos unha tormenta de ideas.

No espectáculo, os humanos fan cousas como pisotear as plantas sen ningún coidado, arrancalas sen ningún motivo, esmagullan os insectos e fan dano físico aos animais. A osiña non dubida en defendelos. Pero... e se o plan dos animais non funciona e os humanos acaban co lugar onde viven? Entón que? Que farían os animais? Que sería deles?



Vós que credes que farían os animais se quedasen sen fogar? A onde irían? Imaxinemos por un momento que puidéades acoller un deses animais sen fogar na vosa casa, cal escolleríades? Un rato de campo? Ou quizais un elefante?

Por desgraza, non hai alternativa para os animais unha vez que destrizamos o seu hábitat e por tanto, eles tamén desaparecen.

Entón, que é a extinción?

✚ **EXTINCIÓN:** Acción e efecto de extinguir ou extinguirse.

✚ **EXTINGUIR:** Facer desaparecer pouco a pouco unha cousa, ou ser vivo.

✚ **DESAPARECER:** Deixar de ser ou de existir, para sempre.



Agora que xa sabedes un pouco máis sobre a extinción, se tiverades que pintala dunha cor, de que cor a pintariades? Por que?



O Mandril, un dos personaxes da obra, emprega distintas palabras para falar da extinción. Cales desta lista credes que usa? Poñédevos por parellas. Se non coñecedes algunha das palabras buscade o seu significado no dicionario.

EXTERMINIO / NACEMENTO / DESAPARICIÓN / VIDA / COMEZO / FIN / CAPUT / EXISTENCIA / MORTE / ABOLICIÓN

Durante a longa historia do planeta houbo moitas extincións causadas por desastres naturais como; erupcións volcánicas, inundacións ou sequías. Sen embargo, hoxe en día a maioría delas débense ao impacto de actividades e accións humanas. Parece moi similar á historia do xardín, verdade? É bastante parecido, só que na realidade o maltrato tradúcese en cousas tan graves como a tala das selvas e bosques, a contaminación dos océanos, a caza, a sobrepesca, o tráfico ilegal de animais ou o cambio climático.

Se pensades na extinción quen vos ven á cabeza? Os dinosauros, quizáis? Os dinosauros extinguíronse hai 66 millóns de anos. Pero hoxe en día tamén se extinguen moitas especies cando o último exemplar coñecido da especie desaparece para sempre.



Cantas especies credes que se extinguen nun día?



OLLO A ESTA TERRIBLE RESPOTA!

EXTÍNGUENSE 150 ESPECIES ANIMAIS E VEXETAIS CADA DÍA.

Que seres vivos están en peligro?

A extinción é un asunto terrible, moi triste, pero do que todos debemos tomar conciencia para evitar que siga en aumento.

Sábese que o 99% dos organismos e seres vivos que algunha vez habitaron a terra están extintos.

Sábese tamén que o **25% por cento de especies do planeta están en perigo de extinción**. Isto significa que se non se protexen, poderían deixar de habitar o planeta moi pronto.



Por desgraza, estes animais e vexetais xa están extintos. Ninguén poderá volver a velos. Elixo algún deles e intenta imaxinar como era. Podes debuxalo?



Por que credes que se extinguiron as seguintes especies? Podedes imaxinar como era algunha delas? Coñeces algunha outra especie en perigo de extinción?

1 - O RINOCERONTE NEGRO OCCIDENTAL

2 - A TARTARUGA XIGANTE DA ILLA DE PINTA

3 - A ÁRBORE DE FRANKLIN

4 - A RATA DE COLA MOSAICA

5 - O SAPO DOURADO

6 - O GUACAMAIO AZUL

OLLO RESPOSTA!

1- O EXCESO DE CAZA PARA VENDER OS SEUS CORNOS / 2- A EXPLOTACIÓN POR PARTE DE BUCANEIROS / 3- UNHA ENFERMIDADE QUE FOI INTRODUCIDA A TRAVÉS DE CULTIVOS HUMANOS DE ALGODÓN / 4- A SUBIDA DO NIVEL DO MAR E DESTRUCCIÓN DO SEU HÁBITAT / 5- O QUECEMENTO GLOBAL DO PLANETA / 6- A DEFORESTACIÓN

ALGUNHAS ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN: O MANDRIL, O LÉMUR, O CACTUS DE BRASIL, O OSO POLAR, O GORILA DAS TERRAS BAIXAS, O LIRIO DA SERRA, O PANGOLÍN, O CHIMPANCÉ, O OSO PANDA, A MARGARIDA DE JANDÍA, A BOLBORETA MONARCA, O LINCE IBÉRICO, O TIGRE, A BALEA AZUL, A GARDENIA DE HAWAI, O HÁMSTER, O ELEFANTE AFRICANO

BLOQUE 6:

QUE PODEMOS FACER?



Hai moitas cousas que podemos facer para protexer tanto a fauna como a flora do noso planeta. Non hai por que pensar en lugares afastados, porque o que temos máis preto tamén precisa da nosa atención e coidados.

Que accións podemos levar a cabo?

INTERÉSATE E APRENDE SOBRE AS ESPECIES EN EXTINCIÓN E CONTAXIA ESE INTERESE AOS DEMÁIS.

Podes contarllo aos teus pais á hora de xantar, a un amigo no recreo ou a calquera outra persoa que se che ocorra!

DENUNCIA CALQUERA CRUELDADE CONTRA OS ANIMAIS OU O MEDIO AMBIENTE.

Podes acudir a un adulto de confianza. Toda información é importante!

REDUCE A TÚA PEGADA DE CARBONO.

Isto sona complicado pero non é tanto. Vai andando aos sitios sempre que poidas ou intenta convencer aos adultos para empregar o transporte público, pecha sempre a billa para non malgastar auga e acórdade sempre de apagar as luces.

COIDA OS ESPAZOS NATURAIS QUE TE RODEAN, TERRESTRES E ACUÁTICOS, E ESTARÁS COIDANDO DO MEDIO AMBIENTE.

Non deixes lixo tirado e sempre que poidas recicla usando o colector adecuado para cada residuo. Intentade reducir o consumo de plásticos na casa todo o que poidades.

E lembrade, os demais seres vivos viven en harmonía e sintonía co medio ambiente. Nós tamén podemos conseguilo.



Como aportar o voso graniño de area a este gran xardín que é o mundo? Podedes plantar unha semente no xardín, na horta ou nalgún lugar verde cerca da vosa casa. Pode ser unha flor, unha planta, unha árbore ou aínda máis sinxelo... unha lentella! Coidándoa estaredes poñendo en práctica a RESPONSABILIDADE, A EMPATÍA, O AMOR e O RESPETO polo medio ambiente.

**E QUE VIVIR SEXA UN XARDÍN PARA
NOLAS TODAS E TODAS NÓS !**



VÉMONOS NOS TEATROS!